

Hotel Balneario Río Pambre

C/ Vilariño, Sambreixo

27203 Palas de Rei (Lugo)

Teléfono: 982 374 135

E-mail: info@balnearioriopambre.com

Web: www.balnearioriopambre.com

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está situado nunha zona chaira, con beirarrúas amplas e despexadas de obstáculos.

Acceso

- A entrada é accesible xa que os 2 chanzos existentes no acceso teñen unha rampla alternativa. Esta ten **1,61 m** de lonxitude, **1,48 m** de ancho e unha inclinación do **28,6%**.
- A porta principal é de madeira, manual de doada apertura e sempre está aberto en horario de atención ao público. É de dobre folla e ten un oco de paso superior a **85 cm** de ancho. Cando está pechada hai un timbre situado a unha altura non accesible.

Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de **1,50 m** de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- O mostrador de atención ao público está a unha altura de **1,06 m** e non permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.

Cuarto Adaptado (Nº 101)

- N.º cuartos adaptados: **2**. Están en **1ª** planta e o itinerario é accesible por ascensor.
- A porta de entrada mide **90,5 cm** de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de **1,50 m** de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de **1,20 m**.
- A cama ten unha altura de **54 cm** e accédese a esta por ambos os dous lados, xa que hai un espazo libre de **1,34 m** de ancho en lado dereito e **2 m** polo esquerdo.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil apertura e o percheiro está situado a unha altura superior a **1,50 m**.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama, e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de **1,46 m**.

Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao interior e mide **90,5 m** de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado esquerdo de **1,70 cm** de ancho e pola fronte de **1,55 m**. O asento está a unha altura de **41 cm** e o mecanismo de descarga a **78 cm**.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado dereito situada a **78 cm** de altura.

Lavabo

- Debaxo do lavabo hai un espazo libre de **60 cm** de altura e **50 cm** de fondo que permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas. A billa é monomando.

- A altura do bordo inferior do espello é de **1,04 m** pero está inclinado e permite a súa utilización a persoas usuarias de cadeira de rodas.

Ducha

- O prato de ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- La ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de **1,87 m**.
- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de **1,87 m**.
- Dispón dun asento de ducha abatible e fixo á parede, situado a **46 cm** de altura. Mide **48 cm** de ancho e **30,5 cm** de fondo.
- Ademais dispón doutra barra de apoio horizontal que facilita a realización da transferencia ao asento de ducha e está a **80 cm** de altura
- A billa é monomando, está na parede accesible dende o asento, a unha altura de **1,06 m**.

Aseo adaptado na zona común

- O hotel conta con **1** aseo adaptado na zona común. Está situado na planta baixa e o itinerario é accesible.
- É unha cabina independente e esta sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta ábrese cara ao interior e mide **90,5 cm** de ancho. No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **1,40 cm** de ancho polo lado esquerdo. O asento está a unha altura de **42 cm** e o mecanismo de descarga a **78 cm**.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo e outra fixa no dereito. Están situadas a unha altura que varía entre **76-93 cm** e cunha separación entre ambas as dúas de **1 m**.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **77,5 cm** de alto e **55 cm** de fondo que permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo do espello é de **1,12 m** e o resto dos accesorios están a **90 cm**.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- No acceso ao establecemento hai dous chanzos cunha rampla alternativa. Ambos os dous elementos non están sinalizados cunha franxa de textura e cor contrastada.
- A porta é de madeira, manual de doada apertura. Sempre está aberta.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocos nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- Na recepción e nos corredores de circulación, o pavimento é homoxéneo, sen ocos nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco.

Cuarto estándar (Nº105)

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A bañeira ten unha altura de **48 cm** e dispón dunha barra de apoio. Non ten biombos que dificulten o acceso.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Habitación estándar

- Existe conexión a Internet.
- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como despertador..
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

Aseos Comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

Sinalización

- Dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estanzas. Os rótulos seguen un mesmo patrón pero non están complementados con información en braille nin altorrelevo

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Cafetería	Planta baixa	Accesible	Altura de barra: 1,03 m Mesas cadradas. Altura de mesa: 77 cm , Altura baixo mesa: 73 cm Ancho baixo mesa: 49,5 cm , Fondo baixo mesa: 70 cm Non dispoñen de carta en braille.
Restaurante	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas e redondas. Altura de mesa: 77 cm , Altura baixo mesa: 73 cm Ancho baixo mesa: 60 cm , Fondo baixo mesa: 1,20 m Non dispoñen de carta en braille.
Salón de reunións	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas. Altura da mesa: 76 cm , Altura baixo mesa: 63 cm Ancho baixo mesa: 70 m , Fondo mesa: 90 cm
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: interior Chan de textura e cor distinto en inicio e final: No Con tabica: Si Con bocel: Si Zócalo de protección lateral: en un lado Altura de Pasamáns : A un lado, 90 cm Oco baixo a escaleira protexido: Si
Ascensor	Todas as plantas	Accesible ata a porta	Altura dos botóns: 1,10 - 1,36 m Ancho da porta: 80 cm Ancho e fondo de cabina: 1,08m e 1,38 m Pasamáns: Non Chan de textura e cor distinta fronte a porta: Non Cabina con sinais sonoros: Non Botóns con números en altorrelevo e braille: Si Botóns de cor contrastada: Non Cabina con sinais visuais: Si Botón de emerxencia cunha testemuña luminosa: Non
Piscina	Planta -1	Accesible mediante ascensor	Ancho porta xeral: 1,21 m Hai un aseo adaptado pero non hai camilla para cambio Dispón dunha grúa para a transferencia á piscina
Aparcamento	Exterior	Accesible	Non ten prazas reservadas para PMR